



PLAN DE IGUALDADE

IES ÁNXEL FOLE

SUMARIO

1. Bases legais

2. Xustificación

3. Obxectivos

4. Actuacións

5. Metodoloxía

6. Avaliación

7. Recursos

1. BASES LEGAIS

A lexislación actual en todos os niveis, europeo, estatal e galego, constitúe a base da política de igualdade e diversidade que debemos establecer nos centros educativos de Galicia para garantir o pleno desenvolvemento de todas e cada unha das persoas que forman parte da comunidade educativa.

1.- A Constitución española de 1978 ditamina que todos os cidadáns e cidadás do estado español son iguais ante a lei. Tamén proclama a protección da dignidade das persoas, dos seus dereitos inviolables e do libre desenvolvemento da súa personalidade e no seu artigo 27 expresa que *“a educación terá por obxecto o pleno desenvolvemento da personalidade humana no respecto aos principios democráticos de convivencia e aos dereitos e liberdades fundamentais”*.

2.- A LOMCE establece no seu artigo 1 que o sistema educativo debe favorecer o desenvolvemento na escola dos valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres, así como a prevención da violencia de xénero. Outro obxectivo para a Educación Secundaria Obrigatoria atópase contemplado no Artigo 23: *“Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres”* e no Artigo 33: *“Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades existentes e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas con discapacidade”*.

3.- No artigo 124 da LOE sobre Normas de organización, funcionamento e convivencia a LOMCE introduce unha modificación, e mantén que *“aquelas condutas que atenten contra a dignidade persoal doutros membros da comunidade educativa, que teñan como orixe ou consecuencia unha discriminación ou acoso baseado no xénero, orientación ou identidade sexual, ou unha orixe racial, étnica, relixiosa, de crenzas ou de discapacidade, ou que se realicen contra o alumnado máis vulnerable polas súas características persoais, sociais ou educativas terán a cualificación de falta moi grave e levarán asociada como medida correctora a expulsión, temporal ou definitiva, do centro”*.

4.- No Capítulo III da mesma LOMCE, sección primeira, relativa ao Consello Escolar, atopamos os seguintes artigos relacionados:

Artigo 126.2: *“O Consello Escolar do centro designará unha persoa que impulse medidas educativas que fomenten a igualdade real e efectiva entre homes e mulleres”*

Artigo 127.g: *“Promover medidas e iniciativas que favorezan a convivencia no centro, a igualdade entre homes e mulleres e a resolución pacífica de conflitos entre todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social”*.

5.- O Real Decreto 1105/2014, que establece os contidos do currículo do Ensino Secundario, no seu artigo 6 ditamina como Elementos Transversais no sistema educativo o desenvolvemento dos valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero, e dos valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.

6.- O Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato en Galicia, estipula no seu artigo 4 que se evitarán tanto os comportamentos como os contidos que supoñan discriminación por razón de identidade de xénero ou orientación sexual. Tamén indica que se debe favorecer a visibilidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e transexual.

7.- O Protocolo de Identidade de Xénero da Xunta de Galicia establece medidas concretas co seguinte obxectivo: "a diversidade é unha realidade tanxible que se vive na escola e é, polo tanto, un valor positivo que se debe aprender desde as etapas iniciais do sistema educativo. Así pois, a escola ha de ser verdadeiramente inclusiva, espazo onde se ten que respectar a identidade de cada persoa.

2. XUSTIFICACIÓN

Aprobar e aplicar un Plan de Igualdade e Diversidade nun centro educativo é unha tarefa complexa e necesaria se atendemos á lexislación actual.

O obxectivo fundamental que debemos marcarnos coa implementación deste Plan é movermos o conxunto da comunidade educativa a reflexionar sobre os prexuízos en que todas e todos fomos enculturados e que nos seguen transmitindo na nosa contorna, na familia, ou nos medios de comunicación. Estes prexuízos sexistas constitúen a base de condutas discriminatorias que poden culminar en situacións de violencia de xénero, acoso escolar homofóbico e delitos de odio.

É fundamental deseñar actividades que consigan que tanto o profesorado como o alumnado adquiran un maior coñecemento e concienciación sobre a igualdade de xénero e respecten a diversidade afectivo-sexual, a diversidade familiar e as diversas identidades de xénero, que modifiquen as súas condutas, e así fomentar a participación, e o exercicio da cidadanía como instrumentos imprescindíbeis para o libre e digno desenvolvemento humano.

A igualdade garante o respecto aos dereitos fundamentais de todos e todas e contribúe a unha sociedade máis xusta, tendo o sistema educativo un papel moi importante no asentamento deste principio desde os primeiros niveis de escolarización. Educar en igualdade, erradicar estereotipos e discriminacións por razóns de sexo, de identidade de xénero ou de orientación afectivo-sexual, e previr as súas consecuencias é fundamental.

3. OBXECTIVOS

Obxectivos xerais

1.- Aceptar, respectar e valorar as características das outras persoas sen se deixar influír por ningún tipo de actitude discriminatoria en relación co sexo, coa orientación sexual e coa identidade de xénero.

2.- Participar de forma igualitaria, construtiva e solidaria na realización de xogos, actividades grupais, situacións de comunicación e na repartición de responsabilidades e tarefas, rexeitando a división do traballo e de funcións por razón de sexo ou xénero.

3.- Colaborar na construción e no desenvolvemento dunha sociedade e dunhas relacións interpersoais baseadas no recoñecemento e respecto da individualidade, da singularidade e dos dereitos de toda persoa.

4.- Facer visible e recoñecer a contribución das mulleres nas distintas facetas da historia, a ciencia, a política, a arte, a cultura, e o desenvolvemento da sociedade.

5.- Adoptar medidas para eliminar o uso sexista e heterosexista da linguaxe e promover unha imaxe pública e privada de mulleres e homes baseada na igualdade e no respecto á diversidade afectivo-sexual e familiar.

6.- Fomentar a corresponsabilidade coa repartición equilibrada de cargos e tarefas.

7.- Implicar aos pais e nais nas tarefas coeducativas e no respecto á diversidade.

8.- Sensibilizar ao profesorado na práctica de valores coeducativos e no respecto á diversidade afectivo-sexual e familiar.

9.- Concienciar a comunidade educativa no uso da linguaxe non sexista nin heterosexista que presupón a heterosexualidade e o xénero, para que todas as persoas se sintan recoñecidas de forma positiva.

10.- Incorporar unha concepción de familia ampla e diversa, en consonancia coa rica diversidade de estruturas familiares presentes no

centro educativo(familias homoparentais o lesboparentais, familias monoparentais, adoptivas, multiétnicas, multirraciais, transnacionais ou calquera outra das moitas formas de familia que están presentes na nosa contorna).

11.- Establecer os mecanismos para que todo o persoal do centro trate ao alumnado «trans-» conforme ao nome e ao xénero elixidos, sen cuestionar ou negar a súa identidade nin en público nin en privado. Non é responsabilidade do alumnado ter que comunicalo a cada un dos seus docentes ou ao persoal non docente, senón que é o centro o que debe asumir esta tarefa.

Obxectivos específicos

Alumnado:

1.- Facer reflexionar o alumnado sobre o prexuízo e a inxustiza que supón tanto para os homes como para as mulleres a asignación de roles por condicións de sexo.

2.- Favorecer e promover o respecto á libre orientación afectivo-sexual e a identidade de xénero.

3.- Propiciar a reflexión sobre as situacións estereotipadas e discriminatorias que son manifestas nos medios de comunicación, especialmente na televisión e nas publicacións escritas orientadas cara ás mozas e aos mozos.

Profesorado:

1.- Establecer unhas pautas de actuación comúns que supoñan un apoio á igualdade de xénero e a promover un centro coeducativo e respectuoso coa diversidade afectivo-sexual, de xénero e familiar.

2.- Reflexionar sobre a nosa práctica e os nosos prexuízos, mitos ou falsas crenzas baseadas no sexismo e na homofobia, presentes na nosa propia educación, que poidan influír no noso alumnado, e que poidan ser modificadas.

3.- Contribuír a facer do noso lugar de traballo un espazo seguro para as persoas LGBTI, visibilizando o rexeitamento de toda discriminación por

motivos de orientación afectivo-sexual, diversidade familiar e identidade de xénero.

4.- Responder inmediatamente aos comentarios, chistes e burlas sexistas ou homófobas feitas polo alumnado ou polo persoal do centro, estean dirixidos ou non a mulleres ou a persoas LGBTI presentes.

Familias:

1.- Reflexionar coas súas fillas e fillos sobre a importancia de establecer a igualdade de sexo e de xénero e da liberdade na elección da identidade de xénero e da libre orientación afectivo-sexual.

2.- Repartir de forma xusta e equilibrada as tarefas domésticas entre os diferentes membros da familia.

3.- Permitir que as fillas e os fillos teñan as afeccións que desexen e escollan os traballos que lles gusten independentemente do sexo.

4. ACTUACIONES

- 1.- Realizar unha diagnose do centro para coñecer o grao de sexismo e introducir mudanzas que promovan unha maior igualdade entre homes e mulleres.
- 2.- Detectar posibles situacións de violencia de xénero que poidan darse dentro da comunidade educativa, utilizando diferentes indicadores.
- 3.- Realizar unha diagnose, utilizando unha serie de indicadores observables e contrastables, que facilite o coñecemento das experiencias e percepcións da diversidade sexual, familiar e de identidade de xénero e da contorna de convivencia do centro por parte do profesorado e do alumnado.
- 4.- Introducir un apartado específico sobre atención á diversidade afectivo-sexual, de xénero, familiar e de loita contra a homofobia e a transfobia nos documentos oficiais do centro, isto é, no Proxecto Educativo, no Plan de Convivencia, nas Normas de Organización e Funcionamento e no Plan Xeral de Orientación, con medidas para a sensibilización, prevención, detección e eliminación de toda manifestación de discriminación, dirixidas á toda a comunidade educativa.
- 5.- Detectar posibles situacións de homofobia e transfobia que poidan darse dentro da comunidade educativa, utilizando unha serie de indicadores tales como: indicadores para detectar ao alumnado que é vítima ou acosadora no recinto escolar por homofobia e transfobia; farase extensivo ao persoal docente e non docente e ás familias.
- 6.- Analizar se se fomenta a formación sobre diversidade sexual, familiar e de identidade de xénero a todo o persoal do centro así como ao alumnado e se se ofrece información ás familias.
- 7.- Analizar se os carteis e imaxes colgados nos corredores o taboleiros das aulas así como os materiais didácticos que se utilizan no centro amosan a diversidade étnica, corporal, relixiosa, afectivo-sexual e de expresión de xénero.
- 8.- Analizar se existen materias no currículo con contidos relacionados co acoso escolar por homofobia e transfobia.

9.- Analizar se existe documentación e materiais de libre acceso de temas de diversidade de orientación afectivo-sexual e de identidade de xénero. ro e familiar.

10.- Colocar un taboleiro que recolla información de interese sobre a igualdade de xénero e a diversidade afectivo-sexual, de xénero e familiar.

11.- Favorecer un uso da linguaxe non sexista nin heterosexista: usar a linguaxe inclusiva no centro e na aula, na medida do posible.

12.- Crear un Equipo de Igualdade e Diversidade que conte coa presenza e representación de todos os membros da comunidade educativa.

13.- Facilitar material de apoio e de recursos didácticos para que os/as titores/as e profesores/as poidan traballar a igualdade e a diversidade afectivo- sexual, de xénero e familiar na aula.

14.- Incrementar a biblioteca do centro con títulos, filmes e outro material coeducativo e relativo á diversidade afectivo-sexual, familiar e de identidade de xénero.

15.- Organizar obradoiros, charlas e actividades relacionadas coa igualdade de xénero e contra a violencia sexista.

16.- Fomentar o traballo realizado ao longo destes cursos nos distintos proxectos na visibilización da diversidade e na reivindicación da igualdade real entre homes e mulleres.

17.- Organizar actividades en efemérides concretas, tales como:

- 11 de outubro, Día Internacional da Saída do Armario
- 25 de novembro, Día Internacional contra a Violencia cara á Muller
- 8 de marzo, Día da Muller
- 26 de abril, Día da visibilidade Lésbica
- 17 de maio, Día Internacional contra a Homofobia e Transfobia.

18.- Promover que as actividades que se realicen no centro teñan en conta a perspectiva do xénero a diversidade afectivo-sexual, de xénero e familiar.

19.- Ofertar e impartir as materias de libre configuración específicas de igualdade de xénero: Igualdade de Xénero (en 1º e 2º da ESO), Coeducación para o Século XXI (en 1º de bacharelato).

20.- Difundir o plan de igualdade do centro entre os distintos axentes da comunidade (con especial atención ás **familias**).

21.- Solicitar Plan Proxecta: Donas de si, Por 365 días de respecto e igualdade, Galicons-net,

22.- Revisar as programacións didácticas do centro desde unha perspectiva de xénero.

5. METODOLOXÍA

- 1.- Partir da realidade que envolve o centro, coñecendo o contexto social e familiar que arrodea o alumnado.
- 2.- Un discurso e unha práctica transversal e decidida por parte de toda a comunidade educativa: alumnado, profesorado, equipo directivo, pais e nais, e de todos os departamentos do centro.
- 3.- Crearase o Equipo de Igualdade e Diversidade composto por membros de toda a comunidade educativa, que velará polo cumprimento deste Plan e procurará achegarlle unha estrutura organizativa a todo o proxecto.
- 4.- Traballar en coordinación con asociacións, centros de ensino e institucións do concello, da comarca, e da contorna en xeral.
- 5.- Coherencia entre propostas do profesorado e os comportamentos cotiáns.
- 6.- Revisións periódicas do Plan de Igualdade e Diversidade co obxectivo de afianzar o traballo realizado e conseguir mellorar os resultados adquiridos.

6. CRITERIOS E MECANISMOS DE AVALIACIÓN

- 1.- Analizarase se os obxectivos propostos en cada actividade se conseguiron ou non.
- 2.- Avaliarase tamén a participación activa de toda a comunidade educativa.
- 3.- Avaliarase o grao de participación de axentes externos (asociacións, familias...), os materiais empregados, a actitude do alumnado e a implicación do claustro.

Os instrumentos empregados serán: a observación, enquisas e cuestionarios en torno ás actividades coa fin de valorar:

- O cumprimento do plan establecido, actuacións que non se desenvolveron.
- O impacto e alcance das accións desenvolvidas na comunidade educativa.
- As dificultades observadas no desenvolvemento das accións.
- As necesidades de mellora observadas para a súa realización en vindeiros cursos.

Logo da análise e da valoración destes datos, estableceranse propostas de mellora para os vindeiros cursos escolares co fin de axustar a abordaxe dos distintos obxectivos coeducativos ao noso contexto educativo.

7. RECURSOS

Recursos humanos:

Titores e titoras, equipo docente, Departamento de Orientación, representantes do Consello Escolar, alumnado, axentes externos, familias, etc.

Recursos materiais:

O Equipo empregará os fondos do centro de gastos de funcionamento destinados e solicitará fondos a través de plans que poidan xurdir da Consellería de Cultura, Educación e Universidade ou outras institucións educativas, fundacións, etc.

Procurarase realizar material propio: camisetas, crachas (chapas), etc. para visibilizar o traballo do Equipo pola Igualdade e a diversidade. Procurarase empregar materiais reciclados ou de baixo impacto ambiental na realización de vídeos, exposicións, produción musical e/ou lecturas.